



Camelia
LI CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL
14-15 MARZO 2015 · FEDEGA



Concello de
**Vilagarcía
de Arousa**

BASES DO CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA

Inscripción: ata o 6 de marzo

Páxs. 2 a 7

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES

Inscripción: ata o 10 de marzo

Páxs. 8 e 9

BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

Prazo de presentación: ata o 3 de marzo

Páxs. 10 a 12



BASES DO LI CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA

1.- O Concello de Vilagarcía de Arousa organiza o LI Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que terá lugar os días 14 e 15 de marzo de 2015, no recinto feiral de FEXDEGA. A presidencia de honra ocúpaa a xúa maxestade a raíña dona Leticia.

2. Poderán concorrer as persoas maiores de idade, interesadas na camelia, profesionais ou aficionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nestas bases.

3.- Poderán presentarse flores pertencentes a calquera especie e variedade de Camelia así como calquera híbrido destas.

4.- Establécense os seguintes premios:

a) Premio Camelia de Ouro para o concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado no tocante ao número e á calidade das flores. Quen reciba a Camelia de ouro non poderá optar ao resto dos premios previstos. O gañador deste premio será invitado a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que as súas flores terán un lugar destacado e en cuxo caso non poderá participar como concursante.

b) Premio especial Antono Odriozola, que se lle outorgará á flor individual máis destacada de todas as que optarán a este premio e que se exporán nunha mesa separada. Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco variedade, representada en cada unha delas unha única flor. Será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie e o da variedade á que pertencen.

c) Primeiro, segundo e terceiro premios aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:



- c.1) Camelia reticulata de calquera cor ou variegación.
- c.2) Híbridos de camelia
- d) Primeiro e segundo premio aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:
 - d.1) Camelia japónica branca
 - d.2) Camelia japónica rosada ou doutras cores
 - d.3) Camelia japónica vermella
 - d.4) Camelia japónica xaspeada ou variegada
 - d.5) Outras especies de Camelia

Os lotes que participen en calquera das modalidades indicadas nos apartados c e d deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen. Estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove, agás no caso das camelias doutras especies que se poderán expoñer sen limitación de número. No caso de empate entre varios lotes, o xurado manifestarase a favor daquel que teña as flores máis homoxéneas. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes.

e) Primeiro e segundo premio á mellor presentación artística. Valorarase o conxunto de flores e plantas de camelia, acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos, que, a xuízo do xurado, se diferencien pola súa colocación artística. Os conxuntos que opteñan este premio participarán unicamente nesta categoría. A organización facilitarlles unha tarxeta para que se distinguan claramente, co rótulo “presentación artística”.



f) Premio especial Sociedad Española de la Camelia ao concursante máis destacado entre os que participen por primeira vez no certame de Vilagarcía de Arousa, con independencia de que se teña presentado en calquera das outras sedes do concurso.

5.- Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de participantes, un mesmo concursante non poderá obter máis de dous premios.

6.- Para facilitar a labor do xurado, a organización daralle a cada expositor, no momento da súa presentación, unha tarxeta co número de inscrición e outra por cada modalidade de premio na que participa, ademais dunha etiqueta co seu nome, que deberá colocar unha vez concluído o traballo do xurado e despois de ler a acta dos premiados.

7.- Co obxecto de facilitar que aqueles cultivadores menores de idade e os que non desexen participar poidan amosar as súas flores, a organización habilitará unha mesa especial para eles. Neste caso será válidas tódalas observacións indicadas nestas base, agás as relativas ao concurso propiamente dito e aos seus premios.

8.- As inscricións do concurso presentaranse no rexistro xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, dende o día seguinte á aprobación destas bases e ata as 13:00 horas do día 6 de marzo, mediante o boletín de inscrición que se facilitará para ese fin.

Cada expositor deberá indicar no boletín de inscrición as modalidades desta convocatoria nas que desexa participar e o espazo que precisa para elo.



Os concursantes presentarán os seu lotes de flores no recinto feiral de FEXDEGA entre as 8:00 e as 12:30 horas do sábado 14 de marzo e poderán retiralos o domingo 15, de 21:00 a 22:00 horas, ou o luns de 8:00 a 12:30 horas.

9.- A asignación do lugar no cada concursante e expositor deberá colocar os seus lotes establecerao a comisión organizadora, en función da demanda e do espazo limitado dispoñible. O plano coa indicación do lugar asignado a cada concursante exporase o xoves 12 de marzo no taboleiro de anuncios do recinto feiral e na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa (www.vilagarcia.es). Independentemente da vixiancia que haberá no recinto, os participantes deberán coidar dos obxectos de valor de calquera natureza que utilicen para a exposición das flores xa que o Concello non se fará cargo das perdas que se puideran producir.

10.- A exposición inaugurarase o sábado 14 de marzo ás 19 horas. A entrega dos premios terá lugar o domingo día 15, ás 12:30 horas.

11.- O xurado estará composto polos seguintes membros:

Presidente: o Alcalde-Presidente de Vilagarcía de Arousa ou persoa en quen delegue.

Secretaria: a Concelleira de Cultura de Vilagarcía de Arousa ou funcionario en quen delegue.

Vogais:

- 1 representante do concello de Vigo
- 1 representante da Deputación de Pontevedra
- 1 representante do concello de Vilagarcía de Arousa
- 1 técnico en arte floral
- 1 viveirista de recoñecido prestixio mundial
- 1 membro da Sociedad Española de la Camelia



- O expositor premiado coa Camelia de Ouro na edición do ano anterior

12.- O Xurado poderá declarar deserto calquera dos premios e poderá conceder mencións especiais por conceptos non sinalados nestas bases. A súa decisión será inapelable.

13.- Polo simple feito de solicitaren a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.

14.- O xurado queda facultado para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ó longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso se puidese producir.



Lugar de realización:

Recinto Feiral Fexdega
Avda. Rodrigo de Mendoza, s/n
36600 Vilagarcía de Arousa

Inscripción e información:

Concello de Vilagarcía de Arousa
Praza de Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Teléfono: 986099200
Fax: 986501109
Email: camelia@vilagarcia.es

COMITÉ DE HONRA

Presidenta de honra

S.M. D^a Leticia, raíña de España

Presidente da Xunta de Galicia

Don Alberto Núñez Feijoo

Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa

Don Tomás Fole Díaz

Presidente da Deputación de Pontevedra

Don. Rafael Louzán Abal

Alcalde do Concello de Vigo

Don Abel Caballero Álvarez



CONCURSO DE ORNAMENTACIÓN DE ESCAPARATES

- 1.- A convocatoria do Concurso de ornamentación de escaparates encádrase nas actividades do LI Concurso Exposición Internacional da Camelia, que se celebrará en Vilagarcía de Arousa os días 14 e 15 de marzo de 2015, programado pola Concellería de Cultura do Concello de Vilagarcía.
- 2.- Poderán concorrer tódolos establecementos comerciais de Vilagarcía, con independencia do sector de actividade ó que pertencen.
- 3.- O obxecto do concurso é a ornamentación dos escaparates con motivos alusivos á camelia, sen ningunha limitación estética, agás a inclusión obrigatoria dalgunha flor natural de camelia en calquera das súas variedades.
- 4.- No escaparate deberá incluírse en lugar visible a seguinte información: LI Concurso-Exposición Internacional, Vilagarcía de Arousa, 14-15 de marzo de 2015.
- 5.- A inscrición realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía, sito na Praza de Ravella, 1, ata o 10 de marzo, antes das 13.00 h, no impreso que se facilitará para este fin.
- 6.- Os escaparates que se presenten a concurso deberán estar montados durante os días 14 e 15 de marzo. Establécese un único premio de 300 euros.
- 7.- O fallo do xurado producirase o 14 de marzo, ás 12.30 h. A partir dese momento e durante o fin de semana, o gañador deberá incluír no escaparate as placas e tarxetas acreditativas do premio adxudicado.



8.- O Concello de Vilagarcía de Arousa designará un xurado para este concurso, que poderá declarar deserto o premio establecido se non se acadasen, ó seu xuízo, un nivel mínimo. Tamén poderán declarar os accésits que foran oportunos.

9.- A presidencia do xurado queda facultada para resolver os aspectos non previstos nestas bases.

10.- A participación no concurso supón a aceptación das bases. O fallo do xurado será inapelable.



BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA CAMELIA 2015

- 1.- O Concello de Vilagarcía de Arousa organiza o Concurso de Fotografía da Camelia 2015, con motivo da celebración da LI Exposición Internacional da Camelia.
2. Poderán concorrer as persoas maiores de idade afeccionadas á fotografía, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nestas bases.
- 3.- O Concurso ten por obxecto a exaltación da beleza da flor da camelia en xeral.
- 4.- Poderán presentarse ata 3 fotografías por concursante, que poderán ser tomadas en datas anteriores á convocatoria do certame. As fotografías presentadas non poderán ter participado noutro concurso de fotografía sobre a camelia.
- 5.- As fotografías serán enviadas por correo electrónico, coma arquivo anexo e un para cada fotografía, á dirección camelia@vilagarcia.es, en formato JPG, JPEG, cun tamaño de 2000 píxeles X 3000 píxeles, con calidade 300 ppi. Cada fotografía terá un nome e no texto do correo farase unha referencia aos motivos dese nome.
- 7.- Unicamente se aceptarán a concurso aqueles e-mails nos que a fotografía chegue anexa. A recepción de fotografías incrustadas ou inseridas no corpo do correo suporá a destrución do e-mail que as conteña e a súa correspondente exclusión do concurso en calquera caso. Aqueles e-mails que conteñan máis dunha fotografía serán tamén eliminados.



8.- No e-mail deberá indicarse o nome, domicilio e teléfono do autor. Considerarase autor a tódalas persoas que figuren como tal na información incluída xunto coa foto. Non se admitirán pseudónimos nin e-mails nos que non figuren tódolos datos sinalados.

9.- As fotos recibidas serán seleccionadas por un xurado composto por profesionais da fotografía e as 40 que acaden unha maior puntuación serán expostas no transcurso da celebración do LI Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que terá lugar os días 14 e 15 de marzo de 2014, no recinto feiral de FEXDEGA. As fotografías serán impresas no tamaño de 20x30 cm.

10.- O prazo para o envío das fotografías será dende o día 15 de febreiro ata as 23:59:59 do 3 de marzo.

11.- O xurado formado para outorgar os premios do LI CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA será o que determine cal é a fotografía gañadora deste concurso de fotografía.

12. O premio será de 300 € e participar nun Obradoiro de Fotografía Dixital Básico (de 10 h.) ofrecido por José Luiz Oubiña no Centro da Imaxe.

13.- Polo simple feito de solicitaren a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.

14.- A Concelleira de Cultura queda facultado para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ó longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso se puidese producir.



Lugar de exposición das fotografías:

Recinto Feiral Fexdega
Avda. Rodrigo de Mendoza, s/n
36600 Vilagarcía de Arousa

Inscripción e información:

Concello de Vilagarcía de Arousa
Praza de Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Teléfono: 986 099 200 ext 214
Fax: 986 501 109
Email: camelia@vilagarcia.es